

Reglamento do Traballo Fin de Grao da Facultade de Turismo

Aprobado pola Xunta de Facultade de Filoloxía de 26 de febreiro de 2014, modificado pola Xunta de Facultade de Filoloxía de 20 de outubro de 2017 e de 30 de maio de 2018, modificado pola Xunta de Facultade de Turismo de 15 de xullo de 2022, e modificado pola Comisión de TFG da Facultade de Turismo o 17 de xullo de 2023. Incluída emenda aprobada pola CAD o 26 de xuño de 2024 (*).

1. Obxecto e ámbito de aplicación

1.1. Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos traballos de fin de grao dos planos de estudo do grao da Facultade de Turismo, de acordo coas Directrices para a elaboración de regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC, aprobadas polo Consello de Goberno de 22 de xullo de 2011, e de acordo coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do Traballo Fin de Grao (TFG) e do Traballo Fin de Mestrado (TFM), aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013 e modificada polo Consello de Goberno nas súas sesións de 30 de abril e 24 de xullo de 2014, 29 de xaneiro de 2015, 28 de xuño de 2016 e 29 de xuño de 2017.

1.2. Este regulamento debe interpretarse no marco das regulamentacións e procedementos da Universidade da Coruña que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de estudantes.

1.3. A comisión do centro competente na xestión dos traballos de fin de grao é a Comisión de Traballo Fin de Grao, delegada da Xunta de Facultade, ou no seu caso, ditas competencias recaerán directamente na Xunta de Facultade.

2. Natureza e características do Traballo Fin de Grao

2.1. O Traballo Fin de Grao (TFG) supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, dunha memoria ou dun estudo concreto baixo a supervisión de un ou máis directores. Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.

2.2. O TFG deberá estar orientado á aplicación das competencias xerais asociadas ao Título, en concreto, a capacitar para a busca, xestión, organización e interpretación de datos nos estudos turísticos co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes deste ámbito de estudos, e a facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

2.3. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos do grao.

Igualmente, as/os estudantes que participen en programas de mobilidade ou duplas titulacións poderán matricularse do TFG mentres realizan o programa de mobilidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

2.4. O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se tiver constancia de que a/o estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do Título de Grao, agás os correspondentes ao TFG, isto é, unha vez superados os 234 créditos restantes, segundo se establece na memoria de verificación do grao da Facultade de Turismo.

No caso dos programas de mobilidade ou de dupla titulación estarase ao previsto regulamentariamente.

Nos programas de simultaneidade estarase ao establecido na normativa específica de cada programa.

2.5. O TFG non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen o realizar segundo queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.

2.6. O tema de que for obxecto o TFG, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, deberá posibilitar que a/o estudante o realice nas 150 horas equivalentes aos 6 créditos ECTS asignados ao traballo no plan de estudos. A Facultade de Turismo velará a través dos mecanismos de coordinación existentes no grao e da Comisión de Traballo Fin de Grao, de existir, porque isto se cumpra e, en consecuencia, poidan alcanzarse as taxas de eficiencia, éxito e gradación a que fai referencia a memoria do grao.

3. Dirección académica do Traballo Fin de Grao

3.1. O TFG será dirixido por un ou varios membros do profesorado con docencia no Título de grao. Os membros do profesorado a tempo parcial non serán requiridos para presentar as propostas ás que fai referencia o punto 4.1, aínda que poderán conviñer un tema co/a estudante tal e como figura no punto 4.5.

Tal profesor/a será responsable de:

- a)** Expoñer ao estudiantado as características do traballo e orientalo no seu desenvolvemento;
- b)** Realizar un seguimento da elaboración do traballo e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados;
- c)** Autorizar a presentación e defensa do TFG;
- d)** Valorar o traballo consonte ao establecido no art. 7.

3.2. O TFG poderá ser dirixido por máis dunha persoa. Nese caso, cando menos, unha delas deberá ser un membro do profesorado con docencia no Título de grao en Turismo.

3.3. Prorrogarase automaticamente durante un ano académico a liña asignada, salvo que o/a alumno/a presente unha nova solicitude de liña. Para prórrogas en cursos académicos seguintes, a solicitude deberá presentarse co visto e prace do titor na administración da facultade.

4. Oferta de temas dos traballos fin de grao e asignación de direccións

4.1. Os temas ou as liñas dos TFG e as/os directoras/es correspondentes proporanse de xeito razoado. Tal proposta será remitida á dirección do centro polos/as directores/as a través dos correspondentes departamentos na data marcada polo decanato.

4.2. A Facultade aprobará e fará pública a listaxe cos temas, cos directores ou directoras e co número de estudantes asignados a cada tema e co/a director/a antes do 30 de setembro.

4.3. O estudiantado solicitará a asignación por orde de preferencia dun número mínimo de dez temas e/ou directoras/os coa data límite de 15 de outubro no modelo de impreso que figura como Anexo I deste regulamento. A Facultade, preparará unha proposta de asignación provisional, que incluírá o prazo de reclamacións. Para dirimir as prioridades na elección de tema e/ou de director/a utilizarase como criterio a cualificación media do expediente académico da/o estudante. Se se esgotasen as liñas escollidas pola/o estudante, anunciarase un novo prazo para escoller entre as liñas con vacantes.

4.4. Unha vez resoltas as reclamacións, se as houber, a Facultade publicará a listaxe definitiva coa data límite de 30 de outubro.

4.5. O estudante poderá, así mesmo, desenvolver un proxecto sobre un tema específico do seu interese, debendo contactar directamente cun/cunha profesor/a que puidese estar interesado para que actúe como director/a. Neste caso deberá solicitalo por escrito ao decano/a no prazo que se estableza e no formulario correspondente –Anexo VIII–, que terá que ir asinado polo director/a. Os traballos asignados por este medio figurarán na listaxe á que fai referencia o punto 4.3. e non computarán a efectos do reparto establecido polo departamento. Cada profesor/a aceptará un máximo de cinco traballos novos de este tipo en cada convocatoria.

Esta opción non é posible para os/as estudantes que se matriculan no TFG durante o prazo de ampliación de matrícula.

5. Tribunais de avaliación

5.1. A Facultade nomeará os tribunais e establecerá as condicións xerais para a realización da defensa dos traballos.

5.2. Os tribunais estarán formados por tres persoas e os correspondentes suplentes. Todas elas deberán ser membros do profesorado do Grao en Turismo. A directora ou director do TFG non poderá formar parte do tribunal que o avalíe.

5.3. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida e outra que exerza como secretaria. O de maior categoría docente e antigüidade actuará como presidente e o de menor como secretaria/o. Ambos exercerán como tales en todas as actuacións do tribunal.

5.4. Unha vez constituídos, os tribunais de avaliación establecerán, dentro do marco establecido pola Facultade, o día, a hora e o lugar de realización das defensas dos traballos de fin de grao e a orde de exposición dos/as estudantes (Anexo II). Esta información farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade.

6. Presentación e defensa dos traballos fin de grao

6.1. Con antelación á data de entrega establecida:

a) O/a director/a do traballo deberá realizar un informe sobre o TFG a través da Secretaría Virtual do PDI.

b) Unha vez incorporado ese informe ao sistema de xestión, a/o estudante terá de solicitar a inscrición e defensa a través da Secretaría Virtual, cumprimentar axeitadamente o formulario electrónico requirido e anexar o TFG como PDF seguindo as Normas para presentación dos traballos en versión dixital.

6.2. Os traballos axustaranse ao establecido nas guías docentes e ás instrucións relativas á presentación que figuran como Anexo III deste regulamento.

6.3. O estudantado defenderá os seus TFG pública e presencialmente; en todos os casos a introdución deberá realizarse en inglés.

6.4. A realización, presentación e defensa dos TFG poderán efectuarse en calquera dos idiomas empregados na impartición do grao, de acordo co disposto na memoria de verificación do Título. En todos os casos, o resumo deberá realizarse en inglés. Cada estudante disporá dun tempo máximo de 15 minutos en que deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo. Con posterioridade, terá que atender as preguntas, as aclaracións, os comentarios e as suxestións que lle puideren formular os membros do tribunal de avaliación.

6.5. Dentro das súas posibilidades, a Facultade facilitará os medios técnicos para a presentación do traballo.

7. Avaliación e cualificación

7.1. Para a avaliación, aplicaranse os criterios establecidos na guía docente e o disposto na memoria de verificación do Título.

a) O/a director/a do traballo valorarao mediante o Anexo IV. Este documento será entregado na administración do centro antes do fin do prazo de presentación de traballos establecido para cada oportunidade.

b) O tribunal valorará a exposición pública do traballo mediante a rúbrica establecida no Anexo V.

c) O tribunal emitirá a cualificación final, que será o resultado da media ponderada da valoración do tribunal (20%) e da proposta de dirección do traballo (80%). Empregarase o Anexo VI, que será entregado na administración do centro, xunto co Anexo V. En caso de co-dirección, terase en conta a media da cualificación outorgada polas/os directoras/es.

7.2. A cualificación final outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/2003, de 0 a 10, con expresión dun decimal (de ser necesario o redondeo, farase cara arriba), á cal terá que se lle engadir a correspondente cualificación cualitativa:

- a)** 0-4,9: suspenso
- b)** 5,0-6,9: aprobado
- c)** 7,0-8,9: notable
- d)** 9,0-10: sobresaliente

7.3. Poderá acceder á mención de matrícula de honra o estudantado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador.

7.4. No caso de a/o estudante obter a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación. Enviarase unha copia deste informe á/ás persoa/s que dirixiron o TFG.

7.5. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos traballos fin de grao levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da Universidade da Coruña.

8. Matrícula, calendario académico e actas

8.1. A matrícula dos TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola universidade, ou no período de ampliación da matrícula se a/o alumna/o reúne os requisitos para poder realizar esta modalidade de matrícula, mediante o aboamento dos prezos públicos que corresponderen.

8.2. O TFG do grao en Turismo está asignado no plan de estudos ao segundo cuadrimestre. Se o alumnado se matricula no período de ampliación da matrícula, no mes de febreiro, os procedementos establecidos nas epígrafes 4.1., 4.2., 4.3. e 4.4. deberán estar finalizados o 30 de marzo. Para máis información sobre o calendario, consúltese o Anexo VII deste regulamento.

8.3. Para a súa defensa e avaliación, a/o estudante disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades en cada curso académico.

Sempre que a/o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG para rematar os seus estudos de grao, poderá matricularse para defendelo no período establecido para a primeira oportunidade das probas de avaliación das materias do primeiro cuadrimestre. No

caso de non superar esta defensa, poderá utilizar como segunda oportunidade tan só unha das oportunidades ordinarias dese mesmo curso académico.

8.4. A Facultade, atendendo a criterios de programación docente, establecerá a realización das defensas dos TFG dentro dos prazos marcados no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

8.5. O peche e entrega das actas de avaliación dos TFG aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno.

9. Consulta e publicación dos traballos fin de grao

9.1. O Centro dará o visto e prace aos traballos que serán publicados no repositorio institucional da Universidade da Coruña (RUC) e fará unha selección dos traballos que teñan una cualificación igual o superior a nove (9). Para isto, terá en conta a opinión emitida polos correspondentes tribunais. A administración do centro enviará unha copia en formato electrónico ao Servizo de Biblioteca de todos os traballos seleccionados para a súa publicación no repositorio institucional.

Disposición adicional. Esta normativa será de aplicación a partir do curso académico 2023/2024.

Anexo I. Solicitud de asignación de liña de traballo e director/a.

Anexo II. Acta de acordos do tribunal e listaxe das datas e horas de exposicións.

Anexo III. Instrucións para a presentación dos traballos.

Anexo IV. Proposta de valoración da dirección do traballo.

Anexo V. Informe de valoración do tribunal.

Anexo VI. Cualificacións finais dos TFG

Anexo VII. Calendarios.

Anexo VIII. Solicitud de realización de TFG non contemplado na listaxe oficial (art. 4.5. do Regulamento do TFG

Anexo IX. Solicitud de prorroga do TFG.

Anexo X. Modelo de capa/portada.

Anexo I

Solicitud de asignación de liña de Traballo de Fin de Grao

O/A INTERESADO/A

Apelidos e nome		Núm. de documento de identidade
Enderezo		
Código Postal	Localidade	Provincia
Teléfono de contacto	Correo electrónico	

Grao en

Liñas de traballo e directores/as en orde de prelación

	Liña	Director/a
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
6.		
7.		
8.		
9.		
10.		

A Coruña, de de 20

Asdo.:

SR./SRA. DECANO/A da FACULTADE DE TURISMO

Anexo II

Acta de constitución e acordos do tribunal de TFG

Grao en

Tribunal número

Lugar:	Data:
Hora de comezo:	Hora de finalización:

Asistentes:

ORDE DO DÍA:

1. Constitución do tribunal
2. Criterios de avaliación
3. Determinación da data, hora e lugar para o acto de defensa dos TFG
4. Relación ordenada das intervencións do estudantado

ACORDOS ADOPTADOS:

1. Constitúese o tribunal cos seguintes membros:
2. Criterios de valoración
3. Establecer que os TFG asignados a este tribunal na primeira oportunidade do curso 20 /20 sexan defendidos o día de de 20 a partir das horas na sala da Facultade de Turismo.
4. Convocar aos/ás estudantes á defensa dos seus traballos segundo a seguinte táboa:

<i>Apelidos e nome da/o estudante</i>	<i>Data</i>	<i>Hora</i>



A/O secretaria/o

V. e pr. da/do presidenta/e

Asdo.:

Asdo.:

Anexo III

Instrucións relativas á presentación dos Traballos de Fin de Grao

A estrutura do Traballo de Fin de Grao axustarase a estas características:

1. Capa, que incluírá, obrigatoriamente, o logotipo e o nome da Universidade, o nome da Facultade, a denominación do grao, o título do traballo, o nome do autor ou da autora, o nome do director ou da directora e o ano de presentación. Non se numerará.
2. Índice do traballo con paxinación.
3. Resumo do traballo (en castelán ou galego e en inglés), que dará conta necesariamente de obxectivos, metodoloxía, unha síntese dos contidos e as conclusións e será aproximadamente de 500 palabras.
4. Introducción, que deberá incluír os obxectivos do traballo e a explicación e a xustificación da metodoloxía utilizada.
5. Traballo.
6. Conclusións.
7. Referencias bibliográficas.
8. Anexos (se os houber).

O Traballo de Fin de Grao terá unha extensión mínima de 9 000 e máxima de 11 000 palabras. Para o cómputo non se terán en conta os apartados 1, 2, 3, 7 nin 8.

Presentarase en formato A4, con marxes de 2,5 cm, entreliñado dobre e letra de 12 puntos.

A paxinación dos apartados 2 e 3 realizarase en numeración romana.

Anexo IV

Proposta de valoración do TFG da dirección

Autoría do traballo

Apelidos

Nome

Grao en	
Liña de traballo:	
Título do traballo:	

Apelidos

Nome

Dirección do traballo

VALORACIÓN DO TRABALLO

		Sobre 10	Ponderación
1. Aspectos formais (20 %)	– Adecuación ao formato establecido – Citas e referencias bibliográficas – Presentación xeral do texto (exemplos, gráficos, anexos etc.) – Corrección lingüística		
2. Contido (60 %)	– Estrutura do contido: coherente e adecuada ao tema – Claridade expositiva – Selección e utilización da bibliografía – Resultados e conclusións acordes cos obxectivos expostos		
3. Proceso de realización (20 %)	– Organización, temporalización, autonomía		
MEDIA PONDERADA:			
TOTAL PONDERADO (media ponderada × 0,8):			

Observacións

--

A Coruña, de de 20
Sinatura do/a director/a do traballo

SR./SRA. PRESIDENTE/A DO TRIBUNAL DETFG NÚM. DO GRAO EN TURISMO

Informe de valoración do tribunal do TFG

Grao en

Tribunal número

Autoría do traballo

Apelidos

Nome

Liña de traballo:	
Título do traballo:	

VALORACIÓN DA DEFENSA

		Sobre 10	Ponderación
1. Exposición (35 %)	– Axustada ao tempo – Clara e estruturada – Corrección e adecuación lingüística		
2. Contido do discurso (35 %)	– Capacidade de síntese – Atención aos aspectos relevantes do traballo		
3. Resposta ás observacións do tribunal (15 %)	– Resposta axeitada a todas as observacións e preguntas		
4. Utilización de medios e materiais de apoio (15 %)	– Utilización de forma efectiva e pertinente de medios audiovisuais e/ou materiais de apoio		
MEDIA PONDERADA:			
TOTAL PONDERADO (media ponderada $\times$ 0,2):			

Observacións

--

A Coruña, de de 20

A/o presidenta/e
Asdo.:

A/o vogal
Asdo.:

A/o secretaria/o
Asdo.:

Anexo VI
Cualificacións finais dos TFG
Grao en
Tribunal número

Apelidos e nome da/o estudante	Cualificación final	Cualificación cualitativa

A Coruña, de de 20

A/o presidenta/e

A/o vogal

A/o secretaria/o

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.:

Anexo VII

Calendarios

Calendario xeral

	<i>Órgano correspondente</i>	<i>Datas límite</i>
Remisión das liñas de traballo e da relación de titores/as á Facultade	Departamentos á Facultade	30 de xullo
Publicación da listaxe de liñas, titores/as e número de estudantes asignados	Comisión de Organización Académica da Facultade	30 de setembro
Solicitud de asignación do traballo de fin de grao (Anexo I)	Estudantes na Administración da Facultade	15 de outubro
Publicación da listaxe definitiva de asignación dos traballos fin de grao	Comisión de Organización Académica	30 de outubro
Presentación dos traballos fin de grao e da solicitude de defensa	Estudantes na Administración da Facultade	(*)
Defensa dos traballos de fin de grao	Estudantes ante a Comisión avaliadora	(*)

(*) As datas precisaranse anualmente de acordo co Calendario académico oficial aprobado polo Consello de Goberno, tanto para a defensa anual, como para a defensa nas condicións establecidas no art. 8.3.

Calendario específico para o alumnado matriculado no período de ampliación de matrícula

	<i>Órgano correspondente</i>	<i>Datas límite</i>
Publicación da listaxe de liñas, titores/as e número de estudantes asignados	Comisión de Organización Académica da Facultade	30 de xaneiro
Solicitud de asignación do traballo de fin de grao (Anexo I)	Estudantes na Administración da Facultade	10 de marzo
Publicación da listaxe definitiva de asignación dos traballos fin de grao	Comisión de Organización Académica	30 de marzo
Presentación dos traballos fin de grao e da solicitude de defensa	Estudantes na Administración da Facultade	(*)
Defensa dos traballos de fin de grao	Estudantes ante a Comisión avaliadora	(*)

(*) As datas precisaranse anualmente de acordo co calendario académico oficial aprobado polo Consello de Goberno.

Anexo VIII

**SOLICITUDE REALIZACIÓN DE TFG NON CONTEMPLADO NA LISTAXE OFICIAL
(Art. 4.5. do Regulamento do TFG)**

APELIDOS E NOME.....	
DNI:	E-MAIL:
TITULACIÓN: Grao en Turismo. Ano académico:	

TITOR 1: APELIDOS E NOME
TITOR 2: APELIDOS E NOME
TITOR 3: APELIDOS E NOME
TITOR 4: APELIDOS E NOME
TITOR 5: APELIDOS E NOME
TITOR 6: APELIDOS E NOME

TITOR(ES):

TÍTULO DO TRABALLO

--

BREVE DESCRIPCIÓN DO TRABALLO

--

A Coruña, a de de 20

Sinatura do solicitante
titor(es)

Sinatura do(s)

SR/A. DECANO/A DA FACULTADE DE TURISMO

GRAO EN TURISMO

SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO TRABALLO FIN DE GRAO

DATOS PERSONAIS

Apellidos	Nome	DNI
-----------	------	-----

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Rúa			
C.P.	Poboación	Provincia	Teléfono
Correo electrónico:			

EXPÓN:

--

SOLICITA que lle sexa concedida a PRÓRROGA do Tráballo Fin de Grao:

Co título	
Dirixido por	

A Coruña, de do 20... Visto e

prace

O(s) director (es)

O alumno/a

Sr/a Presidente/a da Comisión de Traballo Fin de Grao

Rúa Lisboa, 7-andar 1- Campus
de A Zapateira 15008 – A
Coruña

Telf.:(981)167000 Ext. 1808/1850/1855

administracion.turismo@udc.gal / <https://www.udc.es/turismo>

Anexo X

Título completo do traballo de fin de grao

Autor/a: Nome Apelido Apelido

Traballo de fin de grao / Ano

Dirección: Nome Apelido Apelido

Grao en Turismo

Facultade de Turismo

(*) Emenda (aprobada pola CAD en data 26/06/2024)

Detectado erro na páxina 4, punto 6.1, apartado c), queda eliminado o seguinte texto: *“A/O estudante deberá imprimir a solicitude de defensa, que será entregado na administración do centro xunto co TFG”.*

Detectado erro na páxina 4, punto 6.2, elimínase o texto do mesmo relativo á entrega na Administración da Facultade a versión electrónica e a solicitude de defensa e de avaliación (v.6.1.c), deixando só a aclaración final de: *“Os traballos axustaranse ao establecido nas guías docentes e ás instrución relativas á presentación que figuran como Anexo III deste regulamento”*

Detectado erro na páxina 5, punto 7.1., apartado c), engádese que o Anexo V tamén *“ten que ser entregado na administración do centro”.*

Detectado erro na páxina 10, Anexo III, punto 1 sobre características da Capa, elimínase a parte do texto relativo á solicitude do *“visto e prace manuscrito do director ou directora”.*